

# Comeza hoxe en Guitiriz o Ano Díaz Castro

Publicado por **Redacción**



O 19 de febreiro de 1914 nací Xosé María Díaz Castro, na parroquia dos Vilares, en Guitiriz. Co gallo do centenario do seu nacemento a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, a Asociación Cultural Xermolos, o Concello de Guitiriz, o Centro Pen de Galicia e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) daránlle inicio ás actividades arredor da vida e da obra deste autor, coa participación conxunta nos actos conmemorativos desta efeméride.

Esta celebración do autor homenaxeado co Día das Letras Galegas 2014 principiará ás 10.30 h. na Casa Habanera de Guitiriz, coa visita dos CEIP de Parga e Guitiriz á exposición de Díaz Castro. De seguido haberá unha actuación musical do grupo 2naFronteira, que ofrecerán o seu espectáculo Zapatiños para Díaz Castro.

Xa pola tarde, ás 17.00 h., a comitiva trasladarase ata o cemiterio de Guitiriz para realizar unha ofrenda poética floral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Ás 18.00 h. inaugurarase oficialmente, na Casa Habanera, a exposición Nimbos de luz, organizada pola Xunta de Galicia.

Tras este acto Armando Requeixo, profesor, crítico e especialista na obra de Díaz Castro, presentará o seu novo libro, titulado Xosé María Díaz Castro. Vida e obra, publicado por Galaxia.

Rematará esta inauguración do ano Díaz Castro coa proxección do documental O instante eterno, de Xosé Antón Cascudo.